# NORMAS DE PROTECCIÓN

CARPETA **05.CAT**




**APROBACIÓN INICIAL** do Plan Básico Municipal do Concello de San Xoán de Río

Febreiro 2021

XUNTA DE GALICIA

Documento aprobado inicialmente por resolución da conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda do 01.03.2021

**Asinado por:** DIRECCIÓN XERAL DE ORDENACIÓN DO TERRITORIO E URBANISMO
**Cargo:** Direccion Xeral de Urbanismo
**Data e hora:** 03/03/2021 13:30:41

**CVE:** t1sT5Lg2H4
**Verificación:** https://sede.xunta.es/cve

# ÍNDICE

CATÁLOGO

## NORMAS DE PROTECCIÓN PARA CADA NIVEL DO CATÁLOGO

1. CONDICIÓNS XERAIS ..... 3
2. ÁMBITO E OBXECTO ..... 4
3. MECANISMOS DE ALTAS E BAIXAS NO CATÁLOGO ..... 5
4. NIVEIS DE PROTECCIÓN ..... 5
5. DEFINICIÓN XERAL DOS TIPOS DE MODELOS DE INTERVENCIÓNS ..... 6
6. PROTECCIÓN INTEGRAL ..... 6
7. PROTECCIÓN ESTRUTURAL ..... 8
8. PROTECCIÓN AMBIENTAL ..... 10
9. ACTUACIÓNS NOS CONTORNOS DE PROTECCIÓN DOS ELEMENTOS CATALOGADOS ..... 11
10. ACTUACIÓNS NAS ZONAS DE AMORTECEMENTO ..... 12
11. ELEMENTOS INCLUÍDOS NO CATÁLOGO ..... 12

Documento aprobado inicialmente por resolución da conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda do 01.03.2021

**Asinado por:** DIRECCIÓN XERAL DE ORDENACIÓN DO TERRITORIO E URBANISMO
**Cargo:** Direccion Xeral de Urbanismo
**Data e hora:** 03/03/2021 13:30:41

**CVE:** t1sT5Lg2H4
**Verificación:** https://sede.xunta.es/cve

## 1. CONDICIÓNS XERAIS

Artigo 1. Condicións xerais

As condicións que establece o presente catálogo contemplan unha protección específica que se suma ás doutras clasificacións, categorías de solo ou ordenanzas ás que están suxeitas as edificacións ou predios incluídos nos ámbitos desta protección.

Será normativa aplicable de obrigado cumprimento en todo o que non se atopen especificamente incluído no presente Plan básico municipal, a seguinte:

- Lei 16/1985 do 25 de xuño, do Patrimonio Histórico Español.

- Real Decreto 111/86, de 10 de xaneiro, de desenvolvemento parcial da lei 16/1985, de patrimonio histórico.

- Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia.

- Lei 1/2019, do 22 abril, de rehabilitación e de rexeneración e renovación urbanas de Galicia

- Decreto 199/1997, do 10 de xullo, polo que se regula a actividade arqueolóxica na Comunidade Autónoma de Galicia.

- Lei 10/2015, do 26 de maio, para a salvagarda do patrimonio cultural inmaterial.

- Decreto 449/1973, do 22 de febreiro, polo que se colocan baixo a protección do Estado os “hórreos” ou “cabazos” antigos existentes en Asturias e Galicia.

- Decreto 571/1963, do 14 de marzo, sobre protección dos escudos, emblemas, pedras heráldicas, rolos de xustiza, cruces de termo e pezas similares de interese histórico-artístico.

- Decreto 798/197 1, do 3 de abril, polo que se dispón que nas obras e nos monumentos e conxuntos histórico-artísticos se empreguen no posible materiais e técnicas tradicionais.

- Decreto do 22 de Abril de 1949, sobre protección de castelos españois.

- Decreto 232/2008, do 2 de outubro, sobre o Inventario xeral do patrimonio cultural de Galicia.

- Decreto 166/2018, de 27 de decembro, polo que se declara ben de interese cultural ó paisaxe cultural da Ribeira Sacra.

As determinacións que conteñen as fichas do Catálogo teñen carácter normativo e constitúen, xunto co apartado de protección do patrimonio cultural, o marco normativo específico de protección do patrimonio cultural establecido polo PBM.

Os bens incluídos no Catálogo, con independencia da ordenación que lles afecte, non quedarán en ningún caso suxeitos ao réxime de fora de ordenación, sen prexuízo de que os engadidos que presenten e que os desvirtúen, queden fora de ordenación

.

Documento aprobado inicialmente por resolución da conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda do 01.03.2021

**Asinado por:** DIRECCIÓN XERAL DE ORDENACIÓN DO TERRITORIO E URBANISMO
**Cargo:** Direccion Xeral de Urbanismo
**Data e hora:** 03/03/2021 13:30:41

**CVE:** t1sT5Lg2H4
**Verificación:** https://sede.xunta.es/cve

## 2. ÁMBITO E OBXECTO

Artigo 2. Ámbito e obxecto

O Catálogo do presente Plan Básico Municipal (PBM), que por aplicación do artigo 30 da Lei 5/2016 integrarase no Catálogo do Patrimonio Cultural de Galicia, estará formado: Dende o punto de vista arquitectónico e etnográfico, por todos aqueles bens ou lugares de interese artístico, histórico, arquitectónico, etnolóxico, antropolóxico, industrial ou científico e técnico, incluíndo monumentos, xardíns históricos, sitios históricos, vías culturais, lugares de valor etnolóxico, conxuntos históricos, paisaxes culturais e territorios históricos; e dende o punto de vista arqueolóxico, polos lugares nos que existen evidencias de bens mobles ou inmobles susceptibles de seren estudados con metodoloxía arqueolóxica, de interese artístico, histórico, arquitectónico, arqueolóxico, paleontolóxico, sempre que estea relacionado coa historia humana, ou antropolóxico.

O presente PBM establece unha relación de edificios e conxuntos a protexer e/ou conservar por razóns urbanísticas en función do seu valor cultural.

No relativo á protección do patrimonio histórico, artístico e etnográfico, ademais do presente nesta normativa, estarase en todo ó disposto pola Lei 5/2016, de 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia, que ten por obxecto a protección, conservación, acrecentamento, difusión e fomento do patrimonio cultural de Galicia, así como a súa investigación, valorización e transmisión ás xeracións futuras.

Constitúen bens suxeitos a protección urbanística, de acordo coas determinacións da presente normativa e a la Lei 5/2016, de 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia, os seguintes:

- As obras, construcións, edificios e conxuntos de interese histórico, artístico, arquitectónico, arqueolóxico, etnolóxico, industrial ou científico e técnico, e lugares de valor etnolóxico, xardíns, sitios, vías, paisaxes, territorios, etc. que teñan valor artístico, histórico, arquitectónico, arqueolóxico, etnolóxico ou antropolóxico, reflectidos e identificados nos planos de ordenación e incluídos na relación de bens protexidos do presente PBM.

- Os xacementos ou zonas arqueolóxicas, reflectidos nos planos de ordenación e incluídos na relación do patrimonio arqueolóxico do presente PBM.

- As zonas, enclaves, edificios, construcións, restos ou xacementos que, no seu caso, sexan inventariados polos organismos competentes en materia de patrimonio histórico, artístico e cultural.

- Os elementos illados, identificados nos planos de ordenación que, polo seu pequeno tamaño, teñen recoñecido o seu interese histórico, artístico, etnográfico ou cultural. Así, mediante o Decreto 449/1973, do 22 de febreiro, quedan protexidos os hórreos de máis de100 anos de antigüidade, e mediante o Decreto 571/1963, de 14 de marzo, os escudos, emblemas, pedras heráldicas, cruceiros e pezas similares de interese histórico-artístico de máis de 100 anos. Tendo a consideración de bens de interese cultural pola disposición adicional segunda da lei 16/85, do 25 de xuño, do patrimonio histórico español. Así mesmo, protéxense os restos de castelos e torres aos que se refire o decreto de 22 de abril de 1949,sexa cal for o seu estado de conservación.

Os bens obxecto de protección quedan incluídos no catálogo de fichas complementario do presente PBM.

Documento aprobado inicialmente por resolución da conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda do 01.03.2021

Asinado por: DIRECCIÓN XERAL DE ORDENACIÓN DO TERRITORIO E URBANISMO
Cargo: Direccion Xeral de Urbanismo
Data e hora: 03/03/2021 13:30:41

CVE: t1sT5Lg2H4
Verificación: https://sede.xunta.es/cve

As fichas que acompañan este Catálogo fan alusión tanto a elementos individuais (edificios e construcións singulares e senlleiras) como a tipoloxías edificatorias de interese (lavadoiros, vivendas de tipoloxía tradicional, muíños, etc.) que polos seus valores arquitectónicos ou culturais merecen ser conservados e legados ás xeracións futuras. Uns e outros, con independencia da súa protección individual ou xenérica, gozan de idéntico nivel de protección.

Os devanditos bens figuran reflectidos graficamente e numerados nos planos de ordenación territorial a escala 1/5.000, e a 1/2.000 nos núcleos rurais.

## 3. MECANISMOS DE ALTAS E BAIXAS NO CATÁLOGO

Artigo 3. Mecanismos de altas e baixas no catálogo

O Catálogo ten a consideración dun instrumento dinámico e aberto, polo que será susceptible de incorporar novos elementos, ben a instancia do Concello ou ben da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural. Mentres non se produza a delimitación do contorno de protección dun novo elemento, aplicarase un contorno de protección subsidiario segundo o regulado no artigo 38 da Lei 5/2016.

Será obrigado proceder á inclusión de novos xacementos no catálogo (ou no seu caso exclusión) cando a solicitude se produza a instancia da Consellería de Cultura, como consecuencia de altas ou baixas causadas no inventario de xacementos arqueolóxicos de Galicia.

A relación de bens inventariados e clasificados no catálogo deste plan xeral, nomeadamente os xacementos arqueolóxicos, quedan identificados e descritos polos datos coñecidos nestes momentos. Calquera modificación que se derive dunha reconsideración deses datos por mor dunha investigación máis detallada ou motivada implicará a modificación, na mesma medida e valor, das determinacións urbanísticas deste Plan. Todo isto sen prexuízo dos cambios que a lexislación xeral ou sectorial prescriba.

## 4. NIVEIS DE PROTECCIÓN

Artigo 4. Niveis de protección

Todos os bens que integran o patrimonio cultural de Galicia gozarán das medidas de protección establecidas na Lei 5/2016 e os bens de interese arqueolóxico, ademais, gozarán das medidas de protección establecidas no Decreto 199/1997que regula a actividade arqueolóxica na Comunidade Autónoma de Galicia. Ademais, a intervención nun ben de interese cultural ou catalogado precisará a autorización previa da consellería competente en materia de patrimonio cultural segundo o regulado no artigo 39 da Lei 5/2016. As intervencións que se realicen no contorno de protección dos bens de interese cultural e catalogados deberán contar coa autorización da consellería competente en materia de patrimonio cultural segundo o establecido no artigo 45 da Lei 5/2016. Nas zonas de amortecemento dos bens de interese cultural e catalogados só será precisa a autorización da Consellería competente en materia de patrimonio cultural para as intervencións detalladas no artigo 47.2 da Lei 5/2016.

Documento aprobado inicialmente por resolución da conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda do 01.03.2021

**Asinado por:** DIRECCIÓN XERAL DE ORDENACIÓN DO TERRITORIO E URBANISMO
**Cargo:** Direccion Xeral de Urbanismo
**Data e hora:** 03/03/2021 13:30:41

**CVE:** t1sT5Lg2H4
**Verificación:** https://sede.xunta.es/cve

A protección dos bens do patrimonio arquitectónico ou industrial vai encamiñada á súa conservación, aceptando a realización de determinadas obras en función das características do obxecto protexido, para o cal se establecen tres niveis de protección segundo o establecido no artigo 41 da Lei 5/2016:

a) Integral

b) Estrutural

c) Ambiental

Para a delimitación do contorno de protección dos bens incluídos no Catálogo estableceuse unha franxa que se delimita nos planos de ordenación, ou no caso de non estar grafiada, a distancia (medida dende o elemento ou vestixio máis exterior do ben que se protexe) do contorno de protección será a regulada no artigo 38 da Lei 5/2016.

## 5. DEFINICIÓN XERAL DOS TIPOS DE MODELOS DE INTERVENCIÓNS

Artigo 5. Definición xeral dos tipos de modelos de intervencións

Con carácter xeral as intervencións que se permitan nos bens catalogados e nos seus contornos de protección ou zonas de amortecemento tenderán á súa conservación e posta en valor, quedando o seu uso subordinado a que non se poñan en perigo os valores que aconsellan a súa conservación. Establécense os tipos de intervencións regulados no artigo 40 da Lei 5/2016: Investigación, valorización, mantemento, conservación, consolidación, restauración, rehabilitación, reestruturación, ampliación e reconstrución.

## 6. PROTECCIÓN INTEGRAL

Artigo 6. Protección integral

1. A presente protección aplícase a aqueles edificios, construcións e bens inmobles que reúnen un excepcional valor arquitectónico e/ou unha relevante significación cultural ou cidadán. A mesma protección atinxe aos monumentos declarados ou incoados en base ao establecido na lexislación galega e estatal sobre patrimonio cultural.

Correspóndese con aqueles bens culturais insubstituíbles, que posúen valores obxectivos de carácter arquitectónico, histórico, artístico ou tradicional, calquera que sexa o seu estado de conservación. Estes bens deberanse manter na súa integridade, tanto no que se refire aos seus elementos orixinais interiores como exteriores, prestando especial respecto ás súas características singulares e procurando a súa recuperación funcional e monumental a través de todos os medios técnicos posibles.

2. Aplicarase a todo o solo rústico de protección patrimonial que vén delimitado nos planos de ordenación e no catálogo de bens patrimoniais como xacementos arqueolóxicos un nivel de protección integral.

3. As intervencións autorizables sobre estes elementos serán as reguladas no artigo 42 da Lei 5/2016.

Documento aprobado inicialmente por resolución da conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda do 01.03.2021

Asinado por: DIRECCIÓN XERAL DE ORDENACIÓN DO TERRITORIO E URBANISMO
Cargo: Direccion Xeral de Urbanismo
Data e hora: 03/03/2021 13:30:41

CVE: t1sT5Lg2H4
Verificación: https://sede.xunta.es/cve

No caso do patrimonio arqueolóxico, os usos autorizables son aqueles que teñan como finalidade evidente o seu melloramento, conservación ou investigación. Así mesmo, estes usos estarán rexidos polo Decreto 199/1997, do 10 de xullo, que regula a actividade arqueolóxica en Galicia.

3. Poderanse proxectar novas edificacións na parcela dos bens catalogados, debendo adaptarse as súas condicións ás establecidas polo PBM segundo a cualificación do solo da parcela e ás seguintes limitacións:

a) A posibilidade de realizar unha nova edificación na parcela estará en todo momento supeditada á conservación dos valores do elemento catalogado e á obtención do correspondente informe favorable da consellería competente en materia de patrimonio cultural.

b) Os usos, tanto das edificacións protexidas coma das novas que poidan xurdir, serán compatibles cos valores do elemento a protexer e estarán condicionados polos tipos de obras permitidos en función do nivel de protección e supeditados á obtención do correspondente informe favorable da consellaría competente en materia de patrimonio cultural.

4. O Concello exercerá en todo momento os labores de control e seguimento das obras que se realicen nos bens culturais catalogados baixo unha protección integral a fin de comprobar que a intervención á que está sendo sometido o ben se adecúa ao proxecto de obra aprobado polos organismos competentes de ámbito municipal e autonómico.

5. Arredor dos bens culturais de protección integral defínese un contorno de protección que abrangue o seu contorno inmediato. Poderase limitar efectivamente a altura dos inmobles englobados dentro desta área a fin de protexer as súas vistas dende os distintos accesos e lugares que ofrezan privilexiadas perspectivas visuais (miradoiros, áreas de lecer...) de carácter público. Coidarase especialmente a coherencia das cores e materiais visibles (carpintería, cubertas, paramentos, canles de pluviais, etc...) empregados nos edificios e construcións inseridos nesta área de protección respecto do ben que goza de protección integral, tomando como referencia a Guía de cor e materiais da Xunta de Galicia.

As intervencións que se pretendan realizar en bens de interese cultural ou catalogados, así como no seu contorno de protección ou na súa zona de amortecemento, terán que ser autorizadas pola consellería competente en materia de patrimonio cultural, coas excepcións establecidas na Lei 5/2016, do patrimonio cultural de Galicia.

Estas medidas perseguen controlar a masa edificada así como os materiais e a tipoloxía dos edificios e construcións situados no contorno dos bens protexidos integralmente a fin de conservar o seu perfil e manter a súa identidade como fitos de referencia visual.

6. Ademais dos documentos esixidos nas ordenanzas principais, a solicitude de licenza deberá ser acompañada da documentación detallada seguinte:

- Descrición do marco referencial de orixe do edificio: propiedade que ordenou a súa construción, autores do proxecto e obra, uso orixinal ao que se destinou e variacións de uso e propiedade, etc.

- Evolución do edificio e do entorno inmediato que poidan xustificar as solucións adoptadas.

Documento aprobado inicialmente por resolución da conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda do 01.03.2021

**Asinado por:** DIRECCIÓN XERAL DE ORDENACIÓN DO TERRITORIO E URBANISMO
**Cargo:** Direccion Xeral de Urbanismo
**Data e hora:** 03/03/2021 13:30:41

**CVE:** t1sT5Lg2H4
**Verificación:** https://sede.xunta.es/cve

- Levantamento a escala mínima 1/100 do edificio na súa situación actual (plantas, alzados exteriores e interiores, seccións, etc.) e das edificacións auxiliares e complementarias, así como das ampliacións de escala necesarias de detalles característicos. Levantamento da parcela onde se sitúa a escala non menor de 1/500 indicando a situación relativa dos edificios principal e auxiliares e especificando os cultivos, arborado, xardinería, etc.

- Descrición fotográfica do edificio e o seu contorno.

- Memoria xustificativa da oportunidade da obra a realizar, así como dos efectos sobre os usos e usuarios actuais e sobre os elementos obxecto de protección.

- Proxecto detallado das obras a realizar especificando con claridade as zonas e elementos afectados.

No caso de edificios protexidos no medio rural enclavados en grandes fincas ou nunha área definida por unha liña homotética a 100 m. de distancia dos muros exteriores da edificación ou grupo de edificacións que integran o conxunto edificatorio a protexer, a solicitude de licenza de calquera tipo deberá ir acompañada, ademais de polos documentos esixidos nas Ordenanzas municipais, pola documentación seguinte:

- Plano de situación en relación ao edificio a protexer.

- Incidencia no contorno da obra ou actividade para a que solicitase licenza, así como memoria xustificativa da non alteración das condicións ambientais e paisaxísticas do ben natural protexido (incluirase para o caso de edificacións, relación detallada de materiais a empregar e da solución formal adoptada, etc.).

En todos os casos o Concello, coa documentación presentada, e xunto co informe técnico municipal, solicitará con carácter previo á concesión da licenza, o informe preceptivo e vinculante da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural.

Por outra banda, de acordo coa normativa de habitabilidade vixente, o Concello tramitará a solicitude da excepcionalidade do cumprimento da devandita normativa.

## 7. PROTECCIÓN ESTRUTURAL

Artigo 7. Protección estrutural

1. É a aplicable a aqueles edificios ou bens inmobles que polo seu valor histórico, artístico, construtivo, tipolóxico ou arquitectónico son suficientemente significativos dentro do termo municipal. Esta protección correspóndese cos bens culturais de elevado valor histórico, artístico, arquitectónico, pintoresco, típico ou ambiental que, polas súas características obxectivas, merecen ser conservados. A súa estrutura deberá conservarse por medio de tratamentos específicos que garantan o mantemento das súas condicións volumétricas, tipolóxicas e ambientais, sen prexuízo de que se realicen obras de adaptación e mellora que sexan compatibles cos usos autorizados en base á súa estrutura e función.

2. As intervencións autorizables sobre estes elementos serán as reguladas no artigo 42 da Lei 5/2016.

Documento aprobado inicialmente por resolución da conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda do 01.03.2021

Asinado por: DIRECCIÓN XERAL DE ORDENACIÓN DO TERRITORIO E URBANISMO
Cargo: Direccion Xeral de Urbanismo
Data e hora: 03/03/2021 13:30:41

CVE: t1sT5Lg2H4
Verificación: https://sede.xunta.es/cve

3. Poderanse proxectar novas edificacións na parcela dos ben catalogados, debendo adaptarse as súas condicións ás establecidas polo PBM segundo a cualificación do solo da parcela e ás seguintes limitacións:

a) A posibilidade de realizar unha nova edificación na parcela estará en todo momento supeditada á conservación dos valores do elemento catalogado e á obtención do correspondente informe favorable da consellería competente en materia de patrimonio cultural.

b) Os usos, tanto das edificacións protexidas coma das novas que poidan xurdir, serán compatibles cos valores do elemento a protexer e estarán condicionados polos tipos de obras permitidos en función do nivel de protección e supeditados á obtención do correspondente informe favorable da consellería competente en materia de patrimonio cultural.

4. O Concello exercerá en todo momento os labores de control e seguimento das obras que se realicen nos bens culturais catalogados baixo unha protección estrutural a fin de comprobar que a intervención á que está sendo sometido o ben se adecúa ao proxecto de obra aprobado polos organismos competentes de ámbito municipal e autonómico.

5. Ademais dos documentos esixidos nas ordenanzas principais, a solicitude e licenza deberá ser acompañada da documentación detallada seguinte:

- Descrición do marco referencial de orixe do edificio.

- Evolución do edificio e do contorno inmediato que podan xustificar as solucións adoptadas.

- Levantamento a escala mínima 1/100 do edificio na súa situación actual (plantas, alzados exteriores e interiores, seccións, etc.) e das edificacións auxiliares e complementarias, así como das ampliacións de escala necesarias de detalles característicos. Levantamento da parcela onde se sitúa, a escala non menor de 1/500 indicando a situación relativa dos edificios principal e auxiliares e especificando os cultivos, arborado, xardinería, etc.

- Descrición fotográfica do edificio e o seu entorno.

- Memoria xustificativa da oportunidade da obra a realizar, así como dos efectos sobre os usos e usuarios actuais e sobre os elementos obxecto de protección.

- Proxecto detallado das obras a realizar especificando con claridade as zonas e os elementos afectados.

No caso de edificios protexidos no medio rural enclavados en grandes fincas ou nunha área definida por unha liña homotética a 100 m. de distancia dos muros exteriores da edificación ou grupo de edificacións que integran o conxunto edificatorio a protexer, a solicitude de licenza de calquera tipo deberá ir acompañada, ademais de polos documentos esixidos nas Ordenanzas municipais, pola documentación seguinte:

- Plano de situación en relación ao edificio a protexer.

- Incidencia no contorno da obra ou actividade para a que solicitase licenza, así como memoria xustificativa da non alteración das condicións ambientais e paisaxísticas do ben natural protexido

Documento aprobado inicialmente por resolución da conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda do 01.03.2021

**Asinado por:** DIRECCIÓN XERAL DE ORDENACIÓN DO TERRITORIO E URBANISMO
**Cargo:** Direccion Xeral de Urbanismo
**Data e hora:** 03/03/2021 13:30:41

**CVE:** t1sT5Lg2H4
**Verificación:** https://sede.xunta.es/cve

(incluirase para o caso de edificacións, relación detallada de materiais a empregar e da solución formal adoptada, etc.).

En todos os casos o Concello, coa documentación presentada, e xunto co informe técnico municipal, solicitará con carácter previo á concesión da licenza, o informe preceptivo e vinculante da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural.

Por outra banda, de acordo coa normativa de habitabilidade vixente, o Concello tramitará a solicitude da excepcionalidade do cumprimento da devandita normativa.

## 8. PROTECCIÓN AMBIENTAL

Artigo 8. Protección ambiental

1. Os edificios que así se recollan no catálogo e que, ben illados ou ben en conxuntos, conformen tramos ou áreas arquitectónicas de calidade en bo ou regular estado de conservación, aínda que individualmente non presenten notables valores arquitectónicos.

Correspóndese cos bens culturais que presentan un valor arquitectónico, decorativo, tradicional, pintoresco ou ambiental que polas súas características exteriores ou pola súa tipoloxía, ou ben por constituír pezas singulares dun escenario urbano ou rural concreto, é preciso conservar polos seus aportes ambientais, estéticos e históricos que contén. Estes bens admiten importantes intervencións naqueles aspectos susceptibles de mellora que non contradigan o obxectivo da súa catalogación.

Tamén, e de forma xenérica, os elementos incluídos nos contornos de protección dos elementos catalogados gozarán dunha protección ambiental, previndo así normativamente as medidas necesarias para a protección tipolóxica, morfolóxica, conservación, recuperación ou aproveitamento do patrimonio.

2. As intervencións autorizables sobre estes elementos serán as reguladas no artigo 42 da Lei 5/2016.

3. Poderanse proxectar novas edificacións na parcela dos bens catalogados, debendo adaptarse as súas condicións ás establecidas polo PBM segundo a cualificación do solo da parcela e ás seguintes limitacións:

a) A posibilidade de realizar unha nova edificación na parcela estará en todo momento supeditada á conservación dos valores do elemento catalogado e á obtención do correspondente informe favorable da consellería competente en materia de patrimonio cultural.

b) Os usos, tanto das edificacións protexidas coma das novas que poidan xurdir, serán compatibles cos valores do elemento a protexer e estarán condicionados polos tipos de obras permitidos en función do nivel de protección e supeditados á obtención do correspondente informe favorable da consellería competente en materia de patrimonio cultural.

4. Nos edificios con protección ambiental, as solicitudes de licenza de calquera tipo de obra, incluirán preceptivamente, ademais dos documentos esixidos nas ordenanzas municipais, a documentación detallada seguinte:

- Relación detallada das obras a executar especificando con claridade as zonas e elementos afectados.

Documento aprobado inicialmente por resolución da conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda do 01.03.2021

**Asinado por:** DIRECCIÓN XERAL DE ORDENACIÓN DO TERRITORIO E URBANISMO
**Cargo:** Direccion Xeral de Urbanismo
**Data e hora:** 03/03/2021 13:30:41

**CVE:** t1sT5Lg2H4
**Verificación:** https://sede.xunta.es/cve

- Alzado fotográfico do tramo da rúa (polo menos do tramo correspondente ao quinteiro ou rueiro) onde está situado o edificio.

Cando a licenza solicitada sexa de reestruturación e/ou adición de planta, ademais da anterior deberá presentar:

- Descrición fotográfica pormenorizada do estado actual do edificio e dos elementos máis característicos.

- Memoria xustificativa da oportunidade e conveniencia da reestruturación (cando sexa ocaso).

En todos os casos o Concello coa documentación presentada, e xunto co informe técnico municipal, solicitará con carácter previo á concesión da licenza, o informe preceptivo e vinculante da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural.

Por outra banda, de acordo coa normativa de habitabilidade vixente, o Concello tramitará a solicitude da excepcionalidade do cumprimento da devandita normativa.

## 9. ACTUACIÓNS NOS CONTORNOS DE PROTECCIÓN DOS ELEMENTOS CATALOGADOS

Artigo 9. Actuacións nos contornos de protección dos elementos catalogados

1. Na presente normativa e nos planos de ordenación indícanse os contornos de protección dos elementos incluídos no Catálogo. Os elementos incluídos nos contornos de protección dos elementos catalogados gozarán, de forma xenérica, dunha protección ambiental, previndo así normativamente as medidas necesarias para a protección tipolóxica, morfolóxica, conservación, recuperación ou aproveitamento do patrimonio.

2. As intervencións que se realicen nos contornos de protección dos elementos catalogados cumprirán os criterios específicos establecidos no artigo 46 da Lei 5/2016, debendo contar coa autorización da consellería competente en materia de patrimonio cultural as sinaladas no seu artigo 45.

3. Ademais dos documentos esixidos nas ordenanzas principais, a solicitude de licenza deberá ser acompañada da documentación detallada seguinte:

- Levantamento a escala mínima 1/100 do edificio na súa situación actual si se trata dunha reforma e dos planos do proxecto en todos os casos (plantas, alzados exteriores, seccións, etc.) e das edificacións auxiliares e complementarias. Levantamento da parcela onde se sitúa, a escala non menor de 1/500 indicando a situación relativa dos edificios principal e auxiliares e especificando os cultivos, arborado, xardinería, etc.

- Descrición fotográfica do edificio e o seu contorno en relación co elemento protexido.

- Incidencia no contorno da obra ou actividade para a que solicitase licenza, así como memoria xustificativa da non alteración das condicións ambientais e paisaxísticas do ben protexido (incluirase para o caso de edificacións, relación detallada de materiais a empregar e da solución formal adoptada, etc.).

Documento aprobado inicialmente por resolución da conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda do 01.03.2021

Asinado por: DIRECCIÓN XERAL DE ORDENACIÓN DO TERRITORIO E URBANISMO
Cargo: Direccion Xeral de Urbanismo
Data e hora: 03/03/2021 13:30:41

CVE: t1sT5Lg2H4
Verificación: https://sede.xunta.es/cve

## 10. ACTUACIÓNS NAS ZONAS DE AMORTECEMENTO

Artigo 10. Actuacións nas zonas de amortecemento

Atendendo ao artigo 47.1 da Lei 5/2016, na zona de amortecemento poderán realizarse en xeral todo tipo de obras e instalacións fixas ou provisionais e as actividades normais segundo a natureza do solo ou cambiar o seu uso de conformidade co presente PBM sen necesidade da autorización da consellaría competente en materia de patrimonio cultural, agás nas intervencións enumeradas no artigo 47.2 da Lei 5/2016.

## 11. ELEMENTOS INCLUÍDOS NO CATÁLOGO

Artigo 11. Elementos incluídos no Catálogo

Os elementos que se inclúen no catálogo recóllense detalladamente nas fichas realizadas para cada elemento, conxunto de elementos ou tipoloxías xenéricas de elementos.

Ademais, e polo que respecta á protección do BIC da Ribeira Sacra estarase ao establecido no Decreto 166/2018, de 27 de decembro, polo que se declara ben de interese cultural a paisaxe cultural da Ribeira Sacra, reproducíndose a continuación (en cursiva) o seu Anexo VI relativo ao réxime de protección específico.

*A paisaxe cultural exixe un réxime de protección propio adaptado á súa dimensión territorial e aos valores culturais, naturais e mixtos que a conforman. O artigo 59 da Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia (LPCG), establece a necesidade dun instrumento específico de ordenación territorial ou urbanística que conteña as determinacións precisas para asegurar a súa protección e salvagardar os seus valores. O contido básico deste documento desenvolverá, segundo o artigo citado, tres aspectos principais: a caracterización da súa estrutura territorial, a súa natureza, significación cultural e as características xerais do contorno, que son os que se recollen nesta declaración con carácter xeral; un catálogo exhaustivo de todos os bens que o conforman, dos que neste documento se avanzan os que deben contar cunha clasificación do máis alto nivel, e as directrices xerais para a protección do patrimonio cultural.*

*Entre tanto e de forma previa á elaboración do dito documento, é preciso que existan unhas normas para a intervención que sexan de aplicación directa e específica para garantir a protección dos valores culturais da Ribeira Sacra concibida como unha paisaxe cultural. En definitiva, uns criterios que establezan tanto a forma de intervir no territorio como as cautelas para a súa axeitada integración, sempre desde a perspectiva de que a protección dunha paisaxe é permitir a viabilidade para as comunidades que a habitan e o respecto polas decisións que teñen que ver coa súa interpretación e o xuízo sobre os aspectos esenciais da súa valoración.*

*Neste procedemento especifícanse cales son as intervencións que, pola súa afección potencial aos valores que se identifican, deben contar coa dita autorización previa da DXPC no ámbito da paisaxe cultural, e de forma complementaria ao réxime xeral que se recolleu no anexo anterior.*

*En calquera caso, poderán desenvolverse as medidas do documento específico de forma global ou de forma parcial por ámbitos ou sectores da actividade de tal xeito que, de forma gradual e adaptándose*

Documento aprobado inicialmente por resolución da conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda do 01.03.2021

Asinado por: DIRECCIÓN XERAL DE ORDENACIÓN DO TERRITORIO E URBANISMO
Cargo: Direccion Xeral de Urbanismo
Data e hora: 03/03/2021 13:30:41

CVE: t1sT5Lg2H4
Verificación: https://sede.xunta.es/cve

*ás circunstancias e eventualidades que poidan ser precisas, se favorezan as medidas de salvagarda e as propias inercias da paisaxe cultural orgánica, evolutiva e viva da Ribeira Sacra.*

***A) Actuacións sometidas á autorización previa da DXPC.***

*O obxectivo principal da protección da paisaxe cultural da Ribeira Sacra é garantir que os seus valores culturais se conserven e se transmitan, e que existan as condicións axeitadas para a súa interpretación de forma compatible cos modos de vida das comunidades implicadas. Para iso, ademais do réxime establecido para os bens clasificados e o seu contorno de protección, no resto do territorio da paisaxe cultural será precisa a autorización da DXPC en:*

*1. As intervencións en bens clasificados e no seu contorno de protección segundo o descrito no réxime xeral do anexo V deste decreto.*

*2. As novas construcións de edificacións. A execución de pavimentos de madeira ou de pedra sen movementos de terra, e a construción de pérgolas abertas ou descubertas asociadas a construcións existentes non terá a consideración de construción ou edificación e non requirirá autorización previa da DXPC.*

*3. As novas infraestruturas e instalacións de carácter definitivo, coas excepcións que se reproducen nas seguintes epígrafes. No caso modificacións das redes de instalacións existentes de servizos de abastecemento e electricidade, así como as de saneamento, só requirirán de autorización as partes das actuacións que supoñan novos trazados e as edificacións novas que as acompañen. Na substitución de redes, arquetas, elementos de control e transformación, e soportes non será necesaria a solicitude de autorización sempre que as dimensións dos elementos visibles non sexa superior aos existentes. En calquera caso, priorizarase a integración ambiental das instalacións co carácter tradicional dos núcleos, evitando os trazados aéreos e os materiais plásticos.*

*4. A reconstrución de inmobles derruídos. A recuperación de edificacións tradicionais existentes en estado ruinoso será tamén un obxectivo prioritario e favorecerase a súa recuperación por medio da reconstrución, reestruturación ou rehabilitación cando teña por obxecto posibilitar a súa posta en uso relacionada coas actividades tradicionais ligadas á sustentabilidade da paisaxe, á asistencia ás comunidades locais e os seus servizos, á interpretación cultural e natural do territorio e, excepcionalmente, a outras actividades complementarias ou servizos para os visitantes.*

*5. As intervencións de reestruturación de edificacións existentes non clasificadas, agás cando a reestruturación sexa puntual e xustificada como consecuencia da recuperación dos elementos e sistemas construtivos derruídos, sen que se produza modificación nin do volume nin dos sistemas construtivos.*

*6. As obras de ampliación de construcións existentes que superen de por si ou en conxunto coas existentes os 50 m2. Todas as actuacións de ampliación que requiran a autorización da DXPC deberán xustificar a necesidade obxectiva, a funcionalidade e o beneficio que para a apreciación do conxunto na paisaxe poida supoñer a ampliación en relación con novas implantacións.*

*7. As actuacións que modifiquen a estrutura territorial tradicional e os seus elementos configuradores característicos, en especial muros, valados, peches e camiños. Non terán esta*

Documento aprobado inicialmente por resolución da conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda do 01.03.2021

**Asinado por:** DIRECCIÓN XERAL DE ORDENACIÓN DO TERRITORIO E URBANISMO
**Cargo:** Direccion Xeral de Urbanismo
**Data e hora:** 03/03/2021 13:30:41

**CVE:** t1sT5Lg2H4
**Verificación:** https://sede.xunta.es/cve

*consideración as intervencións que afecten unha única parcela catastral, sempre que non exceda os 2.000 m2, ou as que no seu conxunto sexan inferiores a 5.000 m2.*

*8. As actuacións que teñan por obxecto a construción de novos socalcos ou bancais sen muras en ámbitos que carezan deles que superen os 5.000 m2 de superficie, coas seguintes condicións:*

*a) Os muros serán preferentemente construídos coa técnica da pedra en seco e as súas dimensións dependerán da pendente existente, pero non superarán a altura máis alta das muras tradicionais da súa contorna. A técnica tradicional da pedra en seco é unha manifestación do patrimonio cultural de Galicia censada segundo a Resolución do 31 de agosto de 2016 (DOG núm. 186, do 29 de setembro).*

*b) Prohíbese o uso como material de acabamento do bloque ou muro de formigón ou do ladrillo cerámico.*

*c) Excepcionalmente, poderán ser autorizados muros e socalcos en que a pedra seca sexa o acabamento visible, mentres que a función estrutural a asuma outro tipo construtivo. Esta solución non será a habitual e deberá estar xustificada por razóns puntuais de estabilidade, de precariedade ou de seguridade.*

*d) O uso de bancais sen muras será tamén excepcional, xustificado nas condicións de non visibilidade e sempre que os noiros resultantes se axusten ás alturas de muras do contorno.*

*9. As actuacións de socalcamento con terrazas sen muras en pendentes superiores ao 30 % en calquera superficie. A execución de bancais sen muras non será autorizada nos ámbitos en que se acredite a permanencia ou existencia de paredes tradicionais.*

*10. A construción de plataformas, vías e accesos no interior dos predios, que serán os mínimos, preferentemente en material de xabre compactado ou formigóns con areas pardas e de largos limitados.*

*11. As intervencións de integración ambiental de socalcos e edificacións existentes non tradicionais, así como os materiais apropiados para a súa mellora.*

*12. A instalación de medios de sinalización de carácter turístico ou interpretativo do patrimonio cultural, así como as instalacións destinadas a este obxecto, nomeadamente os miradoiros, aparcadoiros, mobiliario público, paneis e outros que se localicen no ámbito da paisaxe cultural. Todos os elementos de sinalización terán carácter provisional mentres non se elabore e axusten ás condicións dun plan específico e, se é o caso, poderá prohibirse a súa instalación se resulta redundante ou prexudica a apreciación da paisaxe ou os bens do patrimonio cultural.*

***B) Actuacións que non requiren autorización previa da DXPC na paisaxe cultural.***

*No ámbito da paisaxe cultural da Ribeira Sacra e na súa zona de amortecemento, sempre que non estea afectado pola protección dalgún outro elemento clasificado, será de aplicación o réxime xeral de protección nos contornos de protección dos bens clasificados no referente ás actuacións que non requiren de autorización previa da DXPC e que recollen o disposto na Instrución do 8 de novembro de 2017 relativa ao trámite de autorizacións en materia de patrimonio cultural nos bens inmobles catalogados e declarados de interese cultural, os seus contornos de protección e as zonas de*

Documento aprobado inicialmente por resolución da conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda do 01.03.2021

**Asinado por:** DIRECCIÓN XERAL DE ORDENACIÓN DO TERRITORIO E URBANISMO
**Cargo:** Direccion Xeral de Urbanismo
**Data e hora:** 03/03/2021 13:30:41

**CVE:** t1sT5Lg2H4
**Verificación:** https://sede.xunta.es/cve

*amortecemento (DOG núm. 231, do 5 de decembro de 2017). Así mesmo, en virtude dos aspectos específicos que se sinalaron nas consideracións devanditas, relativas ás actuacións que si precisan de autorización ou que resultan prohibidas, non requirirán da autorización previa da DXPC as que supoñan o normal desenvolvemento da actividade agrícola e de mantemento das infraestruturas e construcións existentes.*

*1. Actividad agrícola.*

*Respectarase a estrutura do territorio da paisaxe cultural, en especial a que deriva da organización da propiedade e das comunicacións e accesos, tomando en consideración que se trata dunha paisaxe viva sostida por unha actividade agrícola fundamentalmente mantida polo cultivo da vide e o castiñeiro. Esta actividade agrícola, tanto de viñas como doutras producións tradicionais do ámbito (oliveiras, froiteiras, etc.) non precisará de autorización previa da DXPC.*

*A recuperación de ámbitos en que existan e permanezan muras e socalcos tradicionais, aínda que se producise eventualmente o abandono do cultivo, non requirirá da autorización previa da DXPC, sen prexuízo doutras autorizacións que poidan corresponder en función dos valores naturais ou das condicións establecidas para o propio exercicio da actividade agrícola.*

*En calquera caso, no ámbito da protección do patrimonio, todos os cultivos e usos agrícolas tradicionais se consideran compatibles coa protección dos valores da paisaxe cultural, agás a introdución de especies forestais como os piñeiros, eucaliptos ou acacias, cuxo cultivo estará prohibido. A corta de piñeiros, eucaliptos e acacias existentes non precisará de autorización, pois a súa eliminación debe ser considerada como unha prioridade no ámbito da paisaxe cultural.*

*A poda ou corta puntual de exemplares vexetais sen aproveitamento forestal que inciden nos predios destinados ao desenvolvemento da actividade agrícola e que non teñen a condición de masas significativas de valor natural poderán ser realizadas segundo os procedementos que se arbitren no marco da lexislación sectorial correspondente.*

*As actuacións para a conservación e o mantemento das instalacións existentes asociadas tanto aos traballos agrícolas como gandeiros, así como os peches, portas, iluminación e outros non precisarán da autorización da DXPC, sen prexuízo de que poida determinarse a necesidade da súa mellora ou integración ambiental, así como outras medidas correctoras.*

*Tampouco será precisa a autorización da DXPC para instalar medios provisionais para a realización das actividades agrícolas ou gandeiras, incluso cando se poidan valer de maquinaria ou instalacións que requiran dunha especial montaxe ou a permanencia temporal durante a súa execución. Preveranse os efectos sobre os elementos permanentes da paisaxe, en especial muros, camiños e vexetación, e as medidas para a súa protección ou recuperación.*

*2. Muras e socalcos tradicionais.*

*Como elemento esencial na caracterización da paisaxe, respectaranse as muras e socalcos tradicionais existentes, estean ou non en uso e con independencia do seu estado de conservación, e sen prexuízo da súa necesidade de restauración e recuperación funcional. As pendentes superiores ao 30 % son consideradas polo CERVIM (Centro di Ricerche, Studi e Valorizzazione per la Viticoltura Montana), un dos criterios para definir, pola súa dificultade, a viticultura como heroica. No ámbito da paisaxe cultural*

Documento aprobado inicialmente por resolución da conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda do 01.03.2021

**Asinado por:** DIRECCIÓN XERAL DE ORDENACIÓN DO TERRITORIO E URBANISMO
**Cargo:** Direccion Xeral de Urbanismo
**Data e hora:** 03/03/2021 13:30:41

**CVE:** t1sT5Lg2H4
**Verificación:** https://sede.xunta.es/cve

*da Ribeira Sacra practicamente todas as pendentes superan o 30 %, son habituais as que superan o 80 % e moitas chegan ata o 200 %, que implica terrazas de 1 m de largo con muras de 2 m de alto.*

*A posta en uso de socalcos tradicionais abandonados non precisará de autorización cando sexa factible respectar o seu trazado, as súas condicións orixinais e os sistemas construtivos e materiais tradicionais. A súa regularización parcial, a reconstrución puntual e a reparación estrutural tampouco requirirán de autorización cando se desenvolva segundo as técnicas tradicionais da pedra en seco e as dimensións requiridas pola pendente e o uso.*

*A execución de novas muras e socalcos, segundo as técnicas e dimensións tradicionais, non requirirá de autorización da DXPC cando o ámbito da intervención resulte inferior a 5.000 m2. É recomendable o uso de muras de pedra en seco e altura máxima de 2 m. Será obrigado o uso de socalcos con muras para pendentes superiores ao 60 % e os bancais sen muras só serán viables en pendentes inferiores ao 30 %. As actuacións que propoñan outras solucións ou alternativas das indicadas, ou as que afecten ámbitos maiores, requirirán da autorización previa da DXPC.*

*Tamén se considera apropiada a recuperación de espazos na actualidade improdutivos, ou a substitución de cultivos impropios do ámbito da paisaxe cultural (sobre todo o piñeiro e o eucalipto), para o seu uso e, de ser o caso, nova configuración segundo os procedementos tradicionais da Ribeira Sacra. Estas actuacións deberán acreditar a existencia previa do cultivo ou das infraestruturas tradicionais de terrazas, muras e camiños existentes, ben que deberá avaliarse o seu impacto sobre a contorna inmediata e, en especial, a necesidade de accesos, comunicacións ou outras instalacións, así como a posible incidencia sobre outros aspectos que poidan acreditar a existencia de valores culturais, naturais, paisaxísticos ou outros relevantes.*

*3. Postes e elevadores mecánicos.*

*Estímase que a instalación de rodrigas, de guías e riostas, elevadores mecánicos para o movemento de caixas e ferramentas e doutros elementos similares, como instalacións de rega ou depósitos provisionais, etc. son consubstanciais ao desenvolvemento da actividade e, polo tanto, non precisan de autorización para a súa instalación, retirada, reforma ou reparación. Porén, co obxecto da súa mellor integración, estes elementos usarán preferentemente materiais naturais ou, de ser o caso, materiais que non teñan unha incidencia na súa percepción que deturpe os seus valores. Por tal razón serán asumibles materiais plásticos ou metálicos, sempre que o seu acabado non sexa rechamante ou brillante. Empregaranse tons mates e sen brillos ou pintaranse en cores negras, verdes ou térreas. Evitarase o uso de materiais non axeitados ou a reciclaxe de elementos de construción que non estean deseñados para a súa función.*

*Os elevadores mecánicos buscarán o menor trazado e percorrido, nas proximidades dos accesos e pistas, mantendo a estrutura de socalcos existente. Reducirán o seu largo ao mínimo necesario, non superior a 1 m, e procurarán seguir trazados perpendiculares á liña de pendente e non trazados diagonais.*

*4. Pechamentos.*

*Na paisaxe dos socalcos non adoitan existir os pechamentos de parcela, pola súa propia configuración. Evitaranse os pechamentos de telas metálicas con acabamento plástico e os pechamentos opacos e macizos. Cando a actividade, especialmente a gandeira, o requira, o uso de cerramentos ou valados*

Documento aprobado inicialmente por resolución da conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda do 01.03.2021

**Asinado por:** DIRECCIÓN XERAL DE ORDENACIÓN DO TERRITORIO E URBANISMO
**Cargo:** Direccion Xeral de Urbanismo
**Data e hora:** 03/03/2021 13:30:41

**CVE:** t1sT5Lg2H4
**Verificación:** https://sede.xunta.es/cve

*que respondan aos modelos identificados na Guía de caracterización e integración paisaxística de valados, coa preferencia dos valados vexetais, aínda que reforzados por estruturas de madeira e mallas metálicas sinxelas, non precisará da autorización da DXPC.*

*5. Depósitos e instalacións provisionais.*

*No caso de instalacións provisionais, sobre todo os depósitos para rega ou os asociados a tratamentos fitosanitarios, e tomando en conta a limitación que supón manter as súas condicións de funcionamento, serán dispostos en lugares discretos, sen estruturas de carácter permanente e preverase a súa retirada cando non sexan necesarios ou preverase a súa ocultación. Na paisaxe cultural e sempre que non se afecten zonas protexidas especificamente polo seu potencial arqueolóxico, permitiranse as instalacións de abastecemento, rega e subministración eléctrica soterradas nas parcelas que non afecten o mantemento dos socalcos.*

*6. Pistas e accesos.*

*O acondicionamento de pistas e accesos particulares no interior ou arredor dos predios existentes tamén será considerado unha actividade agrícola normal, co criterio de empregar o material existente. Dadas as pendentes existentes, e para garantir a seguridade e conservación, permitirase o uso de formigón, ben que deberán usarse areas pardas na súa execución, evitar peraltes e derramamentos do material, que se limitará ao largo mínimo, estimado ao redor do 2,5 m. Este tipo de intervencións non requirirá da autorización previa.*

*As pistas limitaranse ás mínimas necesarias para facilitar os accesos e terán un uso preferente para a funcionalidade dos predios, o que permitirá usar magnitudes en condicións de pendente máis elevadas e de largos máis estreitos e unha mellor integración na paisaxe.*

*A apertura de pistas novas, accesos, comunicacións interiores e plataformas de traballo que impliquen movementos de terras si requirirá a autorización previa da DXPC.*

*7. Edificacións existentes non clasificadas.*

*No caso das edificacións existentes non clasificadas especificamente, non será necesaria a autorización da DXPC para as obras de mantemento, conservación, consolidación, restauración nin de rehabilitación. As de reestruturación tampouco precisarán da devandita autorización sempre que se limiten á reconstrución dos elementos derruídos co mesmo sistema construtivo e o uso de materiais tradicionais.*

*Tamén poderán realizarse pequenas ampliacións, no marco do factible pola ordenación urbanística, sen a autorización da DXPC, sempre que a edificación ampliada no seu conxunto non supere os 50 m2.*

*En calquera caso, todas as actuacións que se realicen no ámbito da paisaxe cultural deberán acreditar o cumprimento dos criterios e instrucións legais en materia de integración e harmonización cos valores culturais do ámbito, en concreto os criterios recollidos nos artigos 44, 46 e 89 da LPCG, con especial atención ás tipoloxías construtivas e aos materiais tradicionais. Como referencia e orientación a este respecto empregarase a Guía de boas prácticas para a intervención nos núcleos rurais e o tomo V da*

Documento aprobado inicialmente por resolución da conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda do 01.03.2021

**Asinado por:** DIRECCIÓN XERAL DE ORDENACIÓN DO TERRITORIO E URBANISMO
**Cargo:** Direccion Xeral de Urbanismo
**Data e hora:** 03/03/2021 13:30:41

**CVE:** t1sT5Lg2H4
**Verificación:** https://sede.xunta.es/cve

*Guía de cor e materiais de Galicia promovidas pola Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio.*

*As actuacións sobre edificacións existentes que supoñan unha superficie final superior aos 50 m2, así como as obras de reconstrución ou de reestruturación de carácter global ou significativo si requirirán a autorización previa da DXPC.*

***C) Condicións adicionais para as novas construcións nos ámbitos de muras e socalcos tradicionais da paisaxe cultural: adegas de garda e outras instalacións.***

*1. Adegas de garda: as construcións localizadas no ámbito máis singular da paisaxe cultural que son os socalcos tradicionais, adoitan ser edificacións tradicionais de escaso tamaño e sinxeleza construtiva cun uso complexo necesario para o axeitado desenvolvemento da actividade agrícola, e que se sitúan no ámbito das propias producións dos terreos socalcados, cómpre establecer unhas medidas precisas con carácter xeral no referido ao seu uso:*

*– O seu uso implica, de forma eventual, pero repetida, a presenza de persoas con carácter habitual, que por concentrar en xornadas continuas o seu traballo, pode implicar a necesaria localización de servizos propios para o confort, como son os aseos e os medios para poder preparar alimentos, sen que iso implique un uso coma vivenda.*

*– Que son compatibles coa actividade agraria e non precisarán de autorización da DXPC as intervencións que teña por obxecto a mellora ou implantación das condicións sanitarias que sexa necesario asegurar, o seu acondicionamento para a estadía das persoas, ademais dos apeiros e ferramentas necesarias. Estas actuacións requirirán o uso de materiais, técnicas e sistemas tradicionais, polo que a execución de chemineas, a ampliación de ocos e as actuacións que supoñan un efecto sobre a súa apreciación exterior, requirirán da autorización previa da DXPC.*

*– Tamén se estiman compatibles co desenvolvemento da actividade agrícola aquelas actividades relacionadas coa venda, a exposición, a interpretación do produto, a recepción de visitantes e os servizos básicos para atender as súas necesidades.*

*Considérase que estas actividades poden complementar o exercicio da actividade principal que, polo seu interese cultural e as súas singularidades, pode incidir tanto na mellora das condicións das persoas que a practican, colaborando ao seu exercicio responsable e sustentable, como o interese das persoas que visiten o lugar.*

*No relativo ás condicións físicas destas construcións, que poden encadrarse na denominación de adegas ou bodegas de garda, establécense unhas medidas básicas que teñen por obxecto por unha banda asegurar o mantemento da tipoloxía tradicional e por outra mellorar as súas condicións de integración.*

*No caso de que as propostas supoñan unhas condicións diferentes das descritas, as intervencións de calquera tipo sobre edificacións existentes ou novas construcións sobre os socalcos requiririan da autorización previa da DXPC, que as podería condicionar, limitar ou mesmo prohibir se non quedan garantidas as devanditas condicións de integración:*

Documento aprobado inicialmente por resolución da conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda do 01.03.2021

**Asinado por:** DIRECCIÓN XERAL DE ORDENACIÓN DO TERRITORIO E URBANISMO
**Cargo:** Direccion Xeral de Urbanismo
**Data e hora:** 03/03/2021 13:30:41

**CVE:** t1sT5Lg2H4
**Verificación:** https://sede.xunta.es/cve

*– Nas adegas que se localicen nos propios socalcos a súa construción estará xustificada pola existencia da actividade agrícola e non se autorizarán novas construcións se existisen outras nos mesmos predios.*

*– As súas dimensións de referencia non debera superar os 50 m2 de superficie cuberta. Non se computarán para estes efectos as superficies soterradas, con independencia da extensión e sempre que se adapten ás condicións do sistema de terrazas e muras.*

*– A súa ocupación en planta axustará a súa posición e dimensións ás dos bancais en que se localiza, procurando o soterramento da parede paralela á pendente máis elevada, sen prexuízo de que poida aproveitarse de forma soterrada toda a superficie necesaria.*

*– O material para a súa construción ou restauración será preferentemente a técnica da pedra en seco para os muros, coa pedra segundo a zona, e cuberta a unha única auga, no sentido da pendente, de lousa ou tella segundo a zona. Prohíbese o uso como material de acabamento do bloque ou muro de formigón ou do ladrillo cerámico. Poderá autorizarse o uso doutros materiais sempre que sexa convenientemente xustificado, o que será tamén factible para o material e forma da cubrición, sempre cun carácter excepcional que tome en consideración a posición, a visibilidade, a funcionalidade e especiais condicións que deban ser avaliadas.*

*– A execución ou pistas de acceso ou plataformas definitivas que impliquen a modificación da disposición dos terreos será excepcional e poderá ser limitada ou prohibida se o seu impacto non pode ser integrado ou asumido por medio de medidas correctoras específicas.*

*– Con independencia da súa viabilidade, si poderán ser executados os pasos, escalas e camiños de paso para persoas, así como a instalación complementaria de pérgolas abertas ou sen cubrir, de reducidas dimensións, complementarias e anexas a estas construcións, sen necesidade da autorización previa da DXPC.*

*2. Construcións de carácter complementario á explotación: a construción doutro tipo de instalacións, de maior tamaño e carácter industrial, ligadas ao almacenamento, embotellamento ou outras actividades de carácter máis específico e cuns especiais requirimentos, localizarase preferentemente fóra do ámbito da paisaxe cultural. Para o caso das instalacións existentes, avaliaranse as intervencións necesarias para o seu uso e mantemento no marco dun proxecto global que prevexa a mellora das condicións de integración.*

*Outro tipo de instalacións de nova planta só serán viables a través dunha planificación específica, con carácter global, en que se acrediten os especiais beneficios para a paisaxe cultural e as comunidades locais, proxectos que propoñan unha política xeral de explotación sustentable dos recursos, dos sistemas construtivos, no uso da enerxía e na planificación complementaria dunha actividade social e cultural que revertan directamente no territorio da Ribeira Sacra. Polo seu carácter excepcional, estas actuacións deberían contar, ademais de coa autorización da DXPC, co informe favorable de, cando menos, unha das institucións asesoras e consultivas previstas na LPCG.*

*3. Instalacións: os traballos relacionados coa operación, mantemento e conservación das infraestruturas relacionadas coas comunicacións e a produción e transporte de enerxía existentes e en uso non estarán sometidas á autorización da DXPC nin no ámbito da paisaxe cultural nin na zona de amortecemento.*

Documento aprobado inicialmente por resolución da conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda do 01.03.2021

**Asinado por:** DIRECCIÓN XERAL DE ORDENACIÓN DO TERRITORIO E URBANISMO
**Cargo:** Direccion Xeral de Urbanismo
**Data e hora:** 03/03/2021 13:30:41

**CVE:** t1sT5Lg2H4
**Verificación:** https://sede.xunta.es/cve

*Non será necesaria a autorización nas intervencións directamente ligadas coa actividade das instalacións dedicadas á produción de enerxía, sobre todo as presas dos encoros e os seus elementos de control, as súas comportas, canles e conducións, as centrais e edificios auxiliares (almacéns, talleres, estacións de medición) e subestacións existentes.*

*Tampouco será necesaria a autorización para os traballos de conservación e mantemento, nin para as actuacións de restauración, consolidación nin rehabilitación das edificacións que forman parte dos poboados industriais ligados a estas explotacións, agás que se clasificasen de forma específica no seu conxunto, como o poboado dos Covallos en Montefurado ou a capela dos Peares. Polos seus especiais valores como mostra dunha tipoloxía específica do patrimonio arquitectónico, poderá preverse a súa clasificación específica a través dos procedementos legais vixentes.*

*As ampliacións ou reestruturación das edificacións e construcións existentes si requirirán da autorización previa a DXPC.*

*No caso das redes e tendidos para o seu transporte, cando se produzan cambios nas dimensións e materiais dos soportes non será precisa a autorización previa da DXPC sempre que os novos elementos sexan da mesma ou menor dimensión ou se reduza o seu número minorando o impacto global da instalación.*

*Porén, cando sexa preciso incorporar novos elementos auxiliares non previstos cunha evidente presenza física, ou cando se afecte o subsolo en ámbitos baixo cautela pola súa potencialidade arqueolóxica, si será precisa a autorización da DXPC.*

*A tramitación ambiental e valoración das medidas de protección e correctoras de carácter xeral que se teñan imposto para os efectos da explotación dos recursos hidrolóxicos existentes, e no marco das limitacións temporais e tempos de concesión legal vixentes, non implica en ningún caso que a execución específica das intervencións non requira da autorización previa da DXPC, tal como indica o artigo 34.1 da LPCG.*

*4. Embarcadoiros e miradoiros: no relativo aos embarcadoiros e miradoiros localizados nos ámbitos da paisaxe cultural, non será precisa unha autorización da DXPC para o uso e reparación das instalacións existentes, e non existirá tampouco inconveniente na utilización das estruturas tradicionais existentes para tal fin.*

*Porén, dado o seu potencial impacto ou o das infraestruturas necesarias para o seu uso, en especial as vías de acceso, as superficies de aparcadoiro e intercambio de vehículos e outras edificacións complementarias, as novas instalacións deste tipo requirirán da autorización da DXPC.*

*En calquera caso, xúlgase necesaria a consideración en conxunto deste tipo de instalacións polo que poderá condicionarse a súa instalación, limitarse ou mesmo prohibirse, e, se é o caso, os documentos que se elaboren para a axeitada xestión da paisaxe cultural deberán incorporar un estudo conxunto do impacto ambiental deste tipo de instalacións, da súa viabilidade e da súa necesidade, de tal forma que se evite a deterioración do territorio pola súa profusión.*

Documento aprobado inicialmente por resolución da conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda do 01.03.2021

**Asinado por:** DIRECCIÓN XERAL DE ORDENACIÓN DO TERRITORIO E URBANISMO
**Cargo:** Direccion Xeral de Urbanismo
**Data e hora:** 03/03/2021 13:30:41

**CVE:** t1sT5Lg2H4
**Verificación:** https://sede.xunta.es/cve